

Estimado amigo:

Estimada amiga:

A Dirección Xeral de Traballo e Economía Social colabora coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea na organización do Encontro Galego-Portugués *"A colaboración en rede na promoción do cooperativismo e a economía social: a Rede Eusumo"*, que se celebrará o día 27 de maio na Aula UNED de Tui.

Este encontro ten como obxectivo o fortalecemento da colaboración institucional e a intercooperación entre as entidades de economía social da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Contaremos coa presenza de representantes institucionais con competencias en materia de cooperativismo, representantes das organizacións de cooperativas e tamén con persoas socias de cooperativas agrarias e do ámbito da cultura, que presentarán os programas de promoción e experiencias cooperativas da Eurorrexión. Os contidos do encontro son os seguintes:

- Presentación da Rede Eusumo de promoción do cooperativismo e a economía social.
- Presentación do peso e características da economía social en Galicia e no Norte de Portugal, con especial incidencia no cooperativismo.
- Presentación dos incentivos e políticas de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social en Galicia e no Norte de Portugal.
- Presentación de experiencias cooperativas referenciais na Eurorrexión.
- Mostra de produtos e servizos das cooperativas da Eurorrexión.

Gustaríanos contar coa presenza dos diferentes axentes públicos e asociativos que están a xogar un papel activo na promoción do cooperativismo e a economía social en Galicia e no Norte de Portugal, incluíndo tamén ás propias entidades cooperativas de ambos lados da fronteira, así como todas aquelas persoas interesadas na fórmula cooperativa: emprendedores e axentes de promoción da visibilidade e comercialización de produtos e servizos cooperativos –medios de comunicación, profesionais da hostalaría, comercializadores, ...-

Agradecemos que as persoas interesadas en participar no encontro realicen a inscrición cumprimentando o formulario electrónico [aquí](#). Así mesmo, poden realizar a inscrición ou contactar coa organización do encontro a través do teléfono + 34 678 759 079 ou no enderezo electrónico [redeeusumo.divulgacion.ctb@xunta.es](mailto:redeeusumo.divulgacion.ctb@xunta.es). A data límite para a inscrición é o 23 de maio.

Reciba un cordial saúdo,

Odilo Martiña Rodríguez  
Director Xeral de Traballo e Economía Social

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2014